

ESS MANÍA

#REAS25anos


MANUAL PRÁCTICO PARA PASAR DA ECONOMÍA SOLITARIA Á ECONOMÍA SOLIDARIA



ESPECIAL COVID-19

**FRONTE Á
CRISE:**

**PANDEMIA
SOLIDARIA**



1995 - 2020
25 reas
red de redes de economía
alternativa y solidaria

**felicidadESS: 25 anos en rede
camiñando pola Economía Solidaria**

**#REAS25Anos
#REAS25Años**

Editorial REAS Rede de Redes

A solidariedade é o camiño

A pandemia desatada pola Covid-19 alterou os nosos esquemas de vida, facendo saltar polos aires as poucas certezas que sobre este mundo puidésemos ter previamente. O escenario que se vai abrindo paso non só é incerto, senón que xa deixa entrever severos impactos sociais que, por desgraza, van afectar a millóns de persoas. Emporiso, este panorama non é novo; supón unha volta máis dun sistema destrutivo e desapiadado, no que a avaricia e o afán de lucro veñen arrasando desde hai décadas (se non séculos) coa vida de millóns de persoas, desprazadas e migrantes, precarias e explotadas, excluídas... e da vida mesma, o propio planeta, cuxos límites estamos a extralimitar nun acto de negación egoísta e necio.

O movemento pola emerxencia climática e antes o ecoloxista, coma tamén o feminista, as mareas polos servizos públicos, gratuítos e universais, as organizacións defensoras dos dereitos humanos e as liberdades civís... levan décadas sinalando esta pantasma que percorre o mundo, alzando a voz e denunciando a infinidade de violacións ambientais, laborais e sociais que perpetúa a diario.

Porén, aínda máis, este amplo e diverso magma social leva tempo articulándose para construír alternativas, moitas das cales xa estaban atendendo as necesidades xeradas polas múltiples crises das que vimos e que a emerxencia sanitaria non fixo máis ca disparar e multiplicar.

É importante entender que todas as iniciativas que están proliferando veñen, dalgún modo, cultivándose e preparándose desde hai tempo. O apoio mutuo, a cooperación e a solidariedade dificilmente brotan sobre terreo ermo. As redes e o tecido sobre o que descansan veñen tecéndose durante anos, xerando lazos de confianza en grupos de consumo ecolóxico, en redes informais de coidados ou en cooperativas de diversa índole. Grazas á preexistencia destas, ao saber acumulado de décadas de ensaio e erro, está sendo posible soste e escalar as experiencias que compoñen a maraña de iniciativas que agora están a dar resposta e cubrir os buracos dun sistema que se mostrou máis incapaz e sen sentido ca nunca.

FRONTE Á CRISE: #PANDEMIA SOLIDARIA

A Economía Social e Solidaria forma parte deste conxunto de movementos que levan décadas sinalando as fallas do sistema capitalista, achegando propostas para conformar un novo marco teórico e promovendo a creación de experiencias prácticas, que dean vida e doten de sentido e coherencia a ese modelo alternativo e fagan economía poñendo a vida no centro.

En REAS levamos 25 anos neste camiño, 25 anos fomentando e facendo posible a conformación de marcos económicos xustos, solidarios e sustentables, unha longa traxectoria que nos situou como o principal axente da Economía Solidaria no Estado español, e que é produto do traballo e a creación colectiva daquelas persoas que conforman e dan vida a esta rede. Incidencia política, traballo en rede e desenvolvemento de ferramentas para unha Economía Solidaria son as tres liñas estratéxicas sobre as que se fundamenta o noso traballo, e que guiaron dalgún xeito os contidos da presente revista.

Queremos así acercar a nosa actividade, compartir e visibilizar as achegas de centos de organizacións e milleiros de persoas, e celebrar. Celebrar os fitos e logros das que damos vida a esta rede e a este movemento, esas contribucións imprescindibles para conter a pandemia do capitalismo e as súas cíclicas crises de acumulación. En consecuencia, este é o obxectivo destas páxinas que foron concibidas en período pre-Covid, pero que cobran máis sentido ca nunca no actual contexto. Temos a oportunidade de transitar de forma masiva e decidida polo modelo que vimos construíndo desde hai décadas; xa coñecemos o camiño. Sigamos daquela apostando pola senda da solidariedade; é cuestión de seguir a percorrela conxuntamente e contaxiar á nosa contorna con esta pandemia solidaria...

CRÉDITOS:

A presente publicación é un traballo coordinado pola Comisión estatal de Comunicación de REAS Rede de Redes, que integra a representantes das redes territoriais e sectoriais. Trátase dunha primeira publicación de revista dixital no marco do 25 aniversario da rede.

_Deseño e maquetación: Juan Carlos de Pablo.

_Adaptación idiomas: Miguel Braña, Anna Sánchez e Javier Liras.

_Tradución: Miguel Braña, Anna Sánchez, Belaxe, Koop.E.

_Textos: REAS Rede de Redes, José Luis Coraggio, Genoveva López, Carlos Rey, Blanca Crespo, Jordi García, María Atienza, Sandra Salsón, Confluencia Feminista do FSMET.

_Fotografías e ilustracións: As imaxes foron cedidas polas redes territoriais e sectoriais.

AGRADECIMENTOS: Agradecemos as achegas de todas as persoas que de forma voluntaria participaron na presente publicación: desde a redacción de textos até o seu envío e difusión. O envío e socialización dos contidos é unha acción chave para comunicar a nosa actividade e contaxiar as nosas propostas. Por iso, agradecemosvos de antemán a difusión deste material e, por suposto, desexámosvos un feliz aniversario!

#REAS25AÑOS #REAS25Anys #REAS25Anos #REAS25Urte

Os textos foron publicados, por esta orde, en: [Cuarto Poder](#), [La Marea](#), [El Salto](#), [eldiario.es](#), [Alternativas Económicas](#) e [Píkara Magazine](#), no marco da campaña [#PorUnhaEconomíaSenVirus](#)

O imprescindible desenvolvimento dunha economía popular solidaria

José Luis Coraggio



A pandemia global pode ser interpretada como unha resposta da natureza-suxeito á destrutiva globalización do proceso de acumulación de capital. Superada a pandemia, a esperable dislocación do sistema financeiro, de consolidarse, non será instantánea nin sen fortes confrontacións entre fraccións do capital acompañadas polos estados capitalistas centrais, individual ou asociadamente, aínda que expandidos nas súas funcións sociais. A periferia, de seguir fragmentada, estará á defensiva. As súas sociedades estarán polarizadas, coa pobreza e a exclusión magnificadas. As maiorías traballadoras sufrirán o impacto dese proceso en boa parte empurradas a estratexias de mera supervivencia. O capital buscará profundar e estender a perda de dereitos sociais, vistos como custos, así como a espoliación da natureza. Non é imposible, mais si dubidoso, que emerxan sociedades solidarias.

En todo caso, a destitución das maiorías seguirá, como viña sendo, unha característica estrutural, con tendencias acentuadas polo retroceso nos dereitos sociais. A gobernabilidade das sociedades acentuará políticas públicas limitadas de asistencia aos pobres, o que creará dependencias, dificultará a radicalización dos mecanismos democráticos e apenas aliviará a pobreza e exclusión dos traballadores. Será hexemónica unha cultura dualista, discriminante e estigmatizadora das maiorías polo resto da sociedade.

FRONTE Á CRISE: #PANDEMIA SOLIDARIA

Nese escenario, hase acentuar a urxencia dun cambio de visión do posible. Vimos afirmando que a economía popular, a dos traballadores, debe ser vista non coma un reservorio de pobres-problema, senón coma unha potencia socialmente heteroxénea de transformación da economía, a sociedade e a política.

Outras serían as posibilidades de defensa das sociedades se, no canto dun mercado omnipresente e individualizador, tivesen como base unha rede complexa de comunidades territoriais con autarquía económica e autonomía política relativas. As corentenas estarían a ser comunitarias e sostibles.

Nesa dirección, os imprescindibles programas de asistencia na emerxencia por vir deberían ir acompañados desde agora por accións estratéxicas para a consolidación e o desenvolvemento de formas económicas de autoxestión e mutualidade a nivel mesoeconómico con base territorial: isto implica recoñecer os recursos e a historia produtiva dos sectores populares –sexan estas comunidades indíxenas, campesiñas ou urbanas– para, sobre esas bases, recuperar recursos produtivos (p. ex.: territorios indíxenas, empresas recuperadas, ocupación de terras, solo e edificios públicos) e medios de vida, e, en boa medida, o coñecemento codificado do que foron desposuídos.

Iso require superar o enfoque usual da economía popular, focalizado en promover microemprendimentos mercantís, mesmo asociados. No seu lugar, trataríase de artellar conxuntos orgánicos nos que se recupere a unidade entre produción e reprodución a base de relacións de proximidade e unha vinculación de reciprocidade coa natureza, permitindo a emerxencia de suxeitos colectivos autónomos con capacidade para reivindicar ao estado outros marcos xurídicos, outro acceso a bens públicos de calidade, e poñer barreiras á intrusión do capital privado e os seus valores.

Trátase de ir creando un arquipélago de territorios libres do virus neoliberal, cavando trincheiras para defender os avances que se vaian logrando cara a unha economía popular solidaria, gañando autonomía e proxectándoa no sistema político local e nacional. A necesaria autarquía (desconexión) relativa esixirá o establecemento de centros tecnolóxicos propios, moedas sociais locais, regulacións sociais ao mercado e a ganancia de espazos dentro do mesmo sistema político.



Nisto será fundamental recoñecer que, desde o punto de partida pospandemia, a base social da economía popular non está constituída só por pobres desprovistos de coñecementos e capacidade de organización, senón que inclúe traballadores cualificados, así como profesionais vulnerabilizados ou que, polo seu posicionamento ideolóxico, poden formar parte desa nova economía popular, e que institucións coma as universidades e os centros tecnolóxicos, as cooperativas e diversas organizacións non-gobernamentais proporcionan unha base sólida para identificar, promover e acompañar proxectos coma os indicados.

Un programa estratéxico coma este, para o medio e longo prazo, debería ser asumido pola sociedade civil e o aparato do estado. Unha democracia radical debería intentar fortalecer os estados nacionais de centro e periferia coma representantes do ben común, o que implica un sistema substantivamente representativo e a integración das maiorías como suxeitos políticos e sociais na procura dunha sociedade máis xusta, dando maior centralidade á Economía Popular e Solidaria, non como problema senón como protagonista dun novo sistema económico.

Esta guía pon de manifesto que os **principios da economía solidaria son a mellor vacina contra a pandemia do capital**: a **equidade** como principio ético e de xustiza na igualdade; o **traballo**, recuperando a súa dimensión humana, social, política, económica e cultural, para satisfacer as verdadeiras necesidades da poboación; o **ecoloxismo** desde a nosa alianza coa natureza e o recoñecemento dos seus dereitos como o noso punto de partida; a **cooperación**, construíndo colectivamente un modelo de sociedade que se basea no desenvolvemento local harmónico, as relacións comerciais xustas, a igualdade, a confianza, a corresponsabilidade, a transparencia e o respecto; o **non-afán de lucro**, socializando os beneficios xerados ao servizo dun modelo económico máis xusto; e o **compromiso coa contorna** a través da participación no desenvolvemento local sustentable e comunitario do territorio.

Na guía atopamos **campañas que se moveron durante os últimos días**; desde **a folga de alugueiros** até un **repositorio das iniciativas de economía social e solidaria** que están a xurdir nos países europeos e no mundo (España, Portugal, Francia, Suíza, Italia, Grecia, Polonia) para facer fronte de maneira solidaria ás dificultades que se xeran na vida cotiá.

Hai tamén **alternativas de consumo local**, como o **Mercado grosista interno para agricultores ecolóxicos**, un espazo virtual, a modo de mercado por xunto, que pretende ser un punto de encontro entre produtores e comercializadores de agricultura ecolóxica para dar saída aos alimentos ecolóxicos que non se están a vender polo peche de restaurantes, hoteis e comedores, ou como **Baserriko Plaza**, un grupo voluntario que creou unha ferramenta para dar resposta á crise da COVID-19 entre *baserritarras* (campesiños e campesiñas) e diversos axentes informáticos. Unha iniciativa moi importante foi o **Laboratorio cidadán para a construción de circuitos de consumo local e responsable nos barrios, promovido polo Mercado Social de Madrid**, para a construción colectiva de mapas virtuais que visualicen comercios locais e sustentables nos que poder satisfacer as nosas necesidades básicas durante esta crise sanitaria, sen ter que botar man necesariamente das grandes cadeas de alimentación e apoiando desta forma ás redes de economía arraigadas no territorio. Por último, **Carro de Combate** elaborou **8 ideas** para repensar o noso consumo durante o #EuQuedoNaCasa.



#FonsCooperatiuESS

**Economía
per la Vida!**



Unha das áreas sempre invisibilizadas —e que durante esta pandemia nos mostrou con suma crueza que é fundamental— é a dos coidados. As mulleres do proxecto «Cotidianas» adaptan a **rede de apoio mutuo** que levaban meses construíndo e lánzanse ás **chamadas en cadea** para seguir acompañándose e coidándose durante o confinamento, de xeito que unha comeza a rolda e chama a outra, e esoutra á seguinte. Ademais, creáronse numerosas **redes de coidados**, como en **Euskal Herria** ou **Andalucía**. En Murcia habilitaron un **formulario** para **solicitar máscaras** para centros sanitarios, residencias e, en xeral, para traballadores de servizos esenciais.

Hai tamén iniciativas culturais, como os encontros **audiovisuais** de La Casa Encendida. Pílulas audiovisuais cun faladoiro inicial inspirador duns 35 minutos e outros 25 minutos de debate e discusión interactiva. Así mesmo, se o que nos apetece é **profundar sobre a economía social e solidaria**, ERESS montou conversas a través de jitsi os mércores e venres ás 18:00.

A respecto das finanzas, que probablemente as empresas da economía social e solidaria tanto necesiten, existe a canle **#CoronaZero** de Goteo, que pon a comisión 0 % a súa plataforma de crowdfunding e crowdsourcing a disposición das iniciativas orientadas a facer fronte á crise provocada pola COVID-19. De igual modo, organizacións da Economía Social e Solidaria catalá están impulsando un Fondo Cooperativo para a Emerxencia social e sanitaria, para contribuír á sustentabilidade de todos estes esforzos colectivos e dar apoio económico a 26 iniciativas que están cosendo máscaras e batas, fabricando viseiras 3D, producindo e distribuindo produtos agroecolóxicos, coidando as persoas ou desenvolvendo tecnoloxías libres para facilitar o teletraballo, entre outros.

Así mesmo, na Guía pódese atopar esta **batería de recursos para a xestión dos seguros de Arç Cooperativa**, que a través da negociación coas compañías aseguradoras, preparou un procedemento específico de apoio a persoas e organizacións clientas para facilitar e axustar os custos dos seus programas de seguros. En función da necesidade e da dispoñibilidade das compañías aseguradoras hanse poder activar medidas como o financiamento gratuíto das primas, a suspensión de coberturas e a devolución de primas, ou a aplicación de descontos sobre o custo anual.

No marco da asesoría xurídica, **AKAB (Askatasun Kolektiboetarako Abokatuak)** abriu un consultorio xurídico para aquelas persoas que sufriron abusos policiais. Se che obrigan a traballar ou se tes calquera consulta xurídica a raíz desta situación de excepcionalidade, non dubides en contactar con esta rede de avogadas e avogados. O Mercado Social de Madrid está **recompilando** toda a **información das asesorías da rede** relevante para as organizacións da economía social e solidaria en relación coas medidas para afrontar a crise da COVID-19.

En situacións de crise hai unha vontade social nítida de ter que xestionar os recursos de forma equitativa sen que ninguén quede atrás e reducindo as desigualdades. Á vez, mobilízase a cooperación altruísta en multitude de iniciativas que recoñecen os coidados como prioridade e elevan a solidariedade como mellor actitude e instrumento de interdependencia para superar esta crise. Cumpriría admitir que non só en momentos de crise debemos relacionar a economía coa solidariedade, senón facelo sempre, xa que, como dicía un, «por egoísmo, como especie vulnerable debemos ser solidarios».

«Unha economía con máis Economías Transformadoras ten máis resiliencia en termos de igualdade social, sustentabilidade, democracia económica»

Entrevista de Blanca Crespo

A actual pandemia e a nova crise desencadeada por esta confróntannos, unha vez máis, coa importante disxuntiva na que nos atopamos: ¿buscamos a volta ao sistema inxusto e insustentable do que vimos ou apostamos de xeito decidido por unha transición a outro modelo coma o que nos propoñen a Economía Solidaria e os movementos sociais transformadores?

Miramos na contorna de REAS Rede de Redes para encontrar respostas e embarcamos nesta entrevista a dobre banda, con **Amaia Pérez Orozco e Silvia Piris, da Colectiva XXK**, e con **Álvaro Porro, do Comisionado de Economía Social, Desenvolvemento Local e Política Alimentaria do concello de Barcelona**, xente afín e querida da rede, para seguir desvelando xuntas as fallas do actual sistema e atopar pistas para esta necesaria transición.



1.- Desde a Economía Solidaria gústanos mirar a raíz etimolóxica da palabra «Oiko-nomía» para ampliar o termo «Economía» a respecto do seu significado baixo imaxinarios capitalistas. Que nos estamos deixando fóra nesta forma de entender a economía?

Álvaro: Falo sempre das dúas capas invisibles que están na punta do iceberg, ocultas baixo esa economía produtiva que sae nas páxinas da sección de economía dos xornais. Unha é a dos ecosistemas nos que baseamos toda a nosa actividade económica e vital, e que en calquera momento se poden desestabilizar como vimos agora, e a outra é a de toda a capa da economía reprodutiva, dos coidados, que non se ve, pero é a que permite que a economía produtiva e a vida existan. Polo tanto, todo iso é o que deixa a economía convencional fóra.

Ademais, a economía produtiva tendeu a invisibilizar unha parte desa economía que agrupamos baixo a etiqueta da Economía Social e Solidaria (ESS) nun sentido moi amplo e que debería ser máis visible porque pesa máis no PIB e na xeración de ocupación do que moitas veces cremos. En Barcelona, estímase que pode chegar ao 7 % do PIB e ao 8 % da ocupación. É unha terceira pata da economía produtiva, que non é nin sector público nin mercado privado convencional de empresas mercantís, que ten moito que dicir e máis nos novos contextos que se abren.

2.- Que aprendizaxes se están podendo sacar do noso sistema de coidados na presente situación de emerxencia?

XXX: A situación actual deixa en evidencia o que xa estabamos a ver; hai unha situación nova, pero as bases do que non funciona non son recentes. Hoxe resulta máis evidente e tráxico o que xa afirmabamos: que o sistema de coidados non funciona, que os coidados non se poden privatizar, que se están dando en condicións de precariedade e fóra do común, que se está negando o dereito colectivo ao coidado... E que todo isto é a base mesma do mundo no que vivimos.

Quizais o máis novidoso sexa que moito disto é hoxe un pouco menos invisible. Evidenciouse que a vida hai que coidala, e que cómpre coidala en colectivo. Poder estar vendo todo isto é mérito acumulado ao longo de anos de insistir no asunto; non debemos negar o que conseguimos. O problema é que o estamos a ver, pero non abondo nin desde o ángulo axeitado.

Non se está a discutir como están mal repartidos os traballos; nin cuestionamos que os traballos que son máis relevantes para a vida os faga quen menos capacidade de elección ten e conta coas peores condicións laborais. Tampouco estamos cuestionando os traballos de portas para dentro das casas; este segue a ser terreo principal da non-politización. Para poder cambiar o sistema de coidados, precisamos profundar infinitamente máis o debate e abordalo desde unha perspectiva feminista.



3.- Estamos a ver estes días algunhas das consecuencias da externalización e a especialización produtiva deste sistema globalizado. Como impactaría no desenvolvemento dos territorios a relocalización económica?

Álvaro: Desde os movementos sociais ou progresistas temos que repensar a que instrumentos de impacto nos referimos exactamente cando falamos de relocalización porque senón podemos facer un discurso sen aplicación práctica. Podemos falar de, cando menos, tres liñas de traballo con impacto: por un lado, impulsar a demanda voluntaria das persoas consumidoras cara a produtos locais; por outro, dunha contratación pública que priorice o produto local, pero isto á parte de vontade política e técnica implicaría cambios importantes na lexislación sobre contratación pública, sobre todo europea, de non poder discriminar por orixe; e como terceiro e probablemente máis relevante, de falar das regulacións do comercio mundial. Ás veces é un debate que quedou moi marxinado e demasiado escorado á extrema dereita, con visións proteccionistas, pero arcaicas.



Dito isto, claramente a relocalización das economías obrigaría a unha maior diversidade das nosas economías para poder traballar moitos máis produtos e servizos, e por tanto que todas as economías tivesen as súas fábricas de máscaras ou respiradores; e aplicado a sectores como a alimentación implicaría modelos máis localizados e un maior equilibrio territorial. Neste proceso ábrensenos tamén retos como o encarecemento de determinados produtos ou os que nos presenta a economía dixital que, malia o que parecía inicialmente, tende a producir concentracións de poder moito máis grandes e tendencias oligopolistas, cando non monopolistas, moi fortes. Daquela, require unha forte reflexión por parte da ESS para saber cales serían os elementos e retos nun contexto socioeconómico como o que se nos presenta.

4.- Estades a traballar nun proxecto chamado Derivas, que busca entender como impacta este sistema na nosa vida cotiá, onde vos centrades en varios eixes entre os que están a soberanía alimentaria e o desprazamento do emprego como eixe central do noso sistema económico e de sustento. Por que son importantes estas transicións?


XXK: Hai poucas cousas máis cotiás e máis cargadas de significados ca o propio feito de alimentarnos: como chegan os alimentos á nosa mesa, como xestionamos a alimentación nos nosos fogares, que modelo de consumo temos... Transformar a alimentación non é só modificar o que comes, senón transformar a ordenación do territorio, a relación con outros estados/pobos, a organización das terras, as redes de distribución... En como abordamos a alimentación vese tamén até onde nos callou o sistema: o argumento de que a comida agroecolóxica é cara pode (e debe!) sacarse á luz para buscar modos en que estas propostas non sexan elitistas. Porén, se o lanzamos para non revisar as nosas prioridades de gasto, estamos a facer trampa. Por todo iso (e máis!), a soberanía alimentaria é chave, pero cremos que aínda non desatamos totalmente o nó do que significa unha ollada feminista aí, á parte de ampliar a cadea alimentaria e pór en cuestión as relacións que se dan en todos os elos.

E o emprego... vaia tema. Apetecíanos indagar nos traballos porque cremos que non temos unha proposta feminista clara. As nosas vidas organizáanse arredor dunha diversidade de traballos; non podemos dar alternativas a un sen abordar o conxunto. Non queremos caer na mirada capitalista ou androcéntrica do emprego no centro, pero ao final acabamos falando de emprego, aínda que desde un lugar que o descentra. Isto significa unha ruptura grande con certa parte do feminismo que sitúa (ou quizais máis ben situaba) o emprego como un limiar da emancipación das mulleres. Para nós, o emprego é a forma de traballo aliñada do capitalismo. Non ter o emprego como horizonte non significa renunciar á autonomía vital e financeira, senón intentar lograla por outras vías. Finalmente, prestamos moita atención ás lóxicas produtivistas que nos atravesan a nós mesmas e a esas outras formas de entender o traballo que queremos construír.

5.- Hai algúns anos que se fala das Economías Transformadoras; que son exactamente e cales son os aportes destas para o ben común desde unha perspectiva local?

Álvaro: Para min, as economías transformadoras son ese ecosistema vibrante de prácticas económicas e empresariais que dalgunha maneira se saen do esquema máis convencional, pondo no centro elementos diferentes á rendibilidade do capital. Aquí atopamos un ecosistema moi variado e diverso, no que hai realidades moi antigas e relativamente sólidas, ou cando menos con actores con relativa solidez económica e financeira, e realidades máis novas ou máis desmonetarizadas, na fronteira do que entendemos comunmente por economía, que custa definir, mais que achegan sen dúbida prácticas transformadoras. Hai un ano foi a primeira vez que utilicei o concepto e tentamos facer unha sorte de taxonomía; moveume poder entender a riqueza, diversidade e complementariedade deste ecosistema de xeito que tamén puidésemos sentir que na pluralidade tamén hai algo común.

Ecosistema de economías transformadoras



Este cadro pretende amosar esta diversidade, recollendo a variedade de iniciativas que englobamos dentro do termo «economías transformadoras» e que agrupa a cooperativismos diferentes (vivenda, ensino, traballo, consumo, agrario...), terceiro sector, economía solidaria, colaborativa ou comunitaria, así como movementos sociais coma o feminista, o decrecemento ou o emprendemento social, segundo se as súas prácticas poñen máis ou menos énfase na horizontalidade e goberno democrático así como en relación coa súa énfase no impacto socioeconómico e ecolóxico.

A respecto da achega ao ben común das economías transformadoras desde a perspectiva local, temos, en primeiro lugar, que son prácticas económicas e empresariais que incorporan de forma máis evidente e directa a dimensión invisible da economía da que falabamos anteriormente. Por outro lado, son prácticas que tenden a xerar maior igualdade no reparto e a distribución da riqueza, así como unha maior democracia na toma de decisións; o que se materializa, por exemplo, en que, nunha situación de crise como a actual, o cooperativismo destrúe moito menos emprego e o recupera antes, como pasou na crise de 2008. Polo tanto, unha economía con máis economías transformadoras ten moita máis resiliencia en termos de igualdade social, distribución da riqueza, sustentabilidade, democracia económica; en definitiva, dos que deberían ser os obxectivos do sector público, e por iso, dalgún xeito, falamos de que son un sector público non-institucional.

6.- Na vosa investigación estades tamén estudando as alternativas existentes. Que prácticas estades atopando?

XXK: Hai alternativas en todos os eidos e son moi diversas e variadas: grupos autoxestionados, cooperativas, organizacións feministas, «auzogestioa» (autoxestión desde, por e para o barrio)... Fixemos un esforzo por visibilizar as disputas desde o cotián, coidalas (ao non lles esixir perfección) e ver como se entretecen.

Tamén nos interesou identificar que dinámicas produtivistas e heteropatriarcais se están a dar dentro dese campo do alternativo, sen perder a ollada afectuosa. As nosas iniciativas reproducenas; o sistema fainos entrar continuamente en contradicións. Velas é o modo de avanzar. Finalmente, tentamos dotalas dun sentido de conxunto, integral. Porque, ás veces, vémolas illadamente, en anacos, e vistas así non nos serven; con todo, se as entendemos a modo de *collage*, quizais si nos dean un terreo máis sólido polo que apostar.

Queremos resaltar que a economía social e solidaria estaba presente sempre: na soberanía alimentaria, no tecido de formas colectivas de coidados... E, por suposto, nas formas de destronar o emprego. Unha das cousas que tentamos todas é ter choios máis amables; e, en moitos casos, isto pasa non tanto por buscar traballo asalariado, senón por tentar inventar un traballo que rompa coa idea de emprego (traballo asalariado capitalista). Para nós, romper coa centralidade do emprego significa tres cousas: encher de contido social o traballo e que coide o corpo-territorio, ir desmercantilizando a vida e liberar tempo de vida do traballo asalariado capitalista. A economía social e solidaria entra de cheo nas dúas primeiras apostas. Quizais é na terceira ruptura na que vemos maiores conflitos. Porque, en xeral, deixas a pel...



7.- Que políticas públicas deben aplicar as administracións para lograr un desenvolvemento local dos territorios desde criterios de xustiza, equidade, solidariedade e sustentabilidade?

Álvaro: É unha pregunta sumamente ampla. Creo que desde a perspectiva do desenvolvemento local, en termos económicos, alén das políticas de intermediación dos axentes locais ou de atracción de investidores internacionais, que tamén son políticas necesarias, necesitamos medidas que poñan en valor as relacións relocalizadas e que dean resposta a como podemos pór en valor as redes, os tecidos, o intercambio, nunha lóxica local. Creo que ese é un elemento importante.

O outro é incorporar esa ollada máis transversal á económica que aborde as diferentes capas das que falabamos ao comezo, os ecosistemas, a economía reprodutiva e, dentro da produtiva, toda esa pata da economía social e solidaria, que non é completamente pública nin privada. E creo que tamén é importantísimo, ademais de visibilizar esas economías invisibles, construír unha alianza entre o público e esa terceira pata, que creo que comparten valores e que se poden aportar mutuamente. Desde o lado do público, a solidez e a capacidade financeira, e desde a ESS, o seu dinamismo e capacidade de xerar novas formas de organizarse e activar enerxía social arredor de novos paradigmas e prácticas.

Tamén me parece importante que sexamos quen, desde a ESS, de intervir nas políticas públicas, na política institucional, que haxa persoas con bagaxe na ESS que formen parte da pata institucional, a nivel político ou técnico, e que a ESS se dirixa máis a ser provedor do sector público ao tempo que a administración traballa fortemente a súa capacidade de demanda, para facer desde a contratación pública de tractor dun sistema máis xusto, sustentable. Creo que a Administración pública se debe reinventar nalgúns aspectos do seu funcionamento para poder afrontar moitos dos retos que se nos veñen enriba e que implican, en termos ecolóxicos e tecnolóxicos, ser capaces de percibir novos horizontes e adiantarnos, aproveitando o impulso do público como noutras etapas da historia, para xerar novos contextos e novas oportunidades.



8.- O cambio de paradigma que necesitamos precisa dun novo imaxinario de vida; cal sería a vosa achega a este relato para convidar ás persoas que están máis apegadas ao modelo actual para apostar pola transición a un novo modelo a prol da sustentabilidade da vida?

XXX: Por moito que digamos que non queremos a normalidade de antes, hai un punto no que colectivamente si se quere volver á normalidade, sobre todo se a min non me ía tan mal ou creo que me ía mellor que nese posible seguinte.

Cremos que, nestes momentos, hai dous lugares potentes de incidencia: a reconstrución das redes de coidados e a das redes alimentarias. Hai unha oportunidade grande para conectar coa vulnerabilidade da vida, cos básicos da vida, pero esa conexión non é automática. Queremos pasar de esguello polo feito de que non para todas é posible esa volta á normalidade. E pensamos que é tamén o momento de relocalizar e relocalizarnos. Estabamos moi no cara a fóra, sen límites no mundo. Recolocarnos no noso mundo máis próximo obriga a repensar o espazo en que vivimos: hoxe que está todo pechado, podemos ver máis claramente o morto que está un barrio sen nada máis ca casas pechadas, sen espazos nos que facer vida compartida.

Coidados, alimentación, reorganización dos espazos máis próximos e reparto dos tempos. Para nosoutras, eses son nós chave para manter a batalla cultural aberta, conectánda con cousas da vida cotiá, recoñecida na súa vulnerabilidade e interdependencia.



Economía solidaria para a transformación ecosocial

Jordi García Jané



REAS celebra os seus 25 anos este 2020, un ano que será recordado durante moito tempo como un punto de inflexión.

Quizais se rememorará coma o momento fundador dun renacemento social que, por fin, levou a humanidade a construír un mundo xusto e sustentable, tras vencer as terribles resistencias que opuxeron os poderosos. Porén, o 2020 tamén pode pasar á historia como o último aviso non escoitado do colapso que sufrirá a civilización actual cando, dentro duns anos, sexa incapaz de responder a unha concatenación de secas e catástrofes climáticas, de guerras por apropiarse dos últimos recursos naturais e de revoltas masivas sen un propósito claro, froito do empobrecemento xeneralizado e a falta de conciencia, organización e alternativas.

Sabemos que a Covid-19 é un produto máis da destrución dos hábitats por parte do capitalismo global e que a epidemia se fixo máis letal por mor de corenta anos de políticas neoliberais que recortaron a sanidade e a investigación, potenciaron unha mobilidade insustentable e deslocalizaron sectores produtivos enteiros, polo que incluso debemos esperar que nos envíen batas e máscaras de China. E sabemos tamén que estamos ás portas dunha nova recesión mundial que provocará máis miseria, quecemento global e autoritarismo, se non o evitamos e convertemos esta nova crise nunha nova oportunidade.

Un movemento consolidado

REAS pode axudar a aproveitar esta oportunidade. Sobre todo, porque a economía social e solidaria non é ningunha especulación teórica, senón a práctica diaria dun xeito alternativo de traballar, consumir e financiar compartida por miles de mulleres e homes. Hoxe, 25 anos despois do seu nacemento, REAS é unha rede de redes plenamente consolidada, que agrupa iniciativas referentes en sectores que serán estratéxicos para esta transformación ecosocial que xa non podemos demorar máis: a agroecoloxía, a democratización dos coidados, o terceiro sector social, as finanzas éticas, as moedas sociais, as tecnoloxías libres, as enerxías renovables, a cultura e a educación emancipadoras, a reciclaxe, a vivenda cooperativa en cesión de uso...

Ademais, REAS desenvolveu unha serie de ferramentas para visibilizar, fortalecer e vertebrar estas iniciativas. Pensamos nos balances e auditorías sociais, no ecosistema de finanzas éticas, na promoción do emprendemento colectivo, nos mapas colaborativos en liña de economía social e solidaria, nas experiencias de traballo en rede...

Remercantilizar

Moitas destas ferramentas axúdannos a construír mercados sociais, un obxectivo estratéxico para a economía solidaria. Ante un mercado capitalista, globalizado, depredador e ao servizo das grandes corporacións en conivencia co poder político, estamos construíndo un mercado alternativo ao capitalista. Queremos que sexa un mercado regulado de forma democrática por produtoras e consumidoras, que promova o desenvolvemento local e autocentrado, que introduza mecanismos de cooperación e solidariedade e que contribúa a facer que tanta cidadanía como sexa posible satisfaga as súas necesidades fóra da economía capitalista.

Emporiso, por que a economía social e solidaria quere crear un mercado propio? Primeiro porque, creando un mercado social, pasará de ser un conxunto de empresas pouco articuladas a converterse nun sistema económico, unha economía, aínda que sexa a pequena escala. Segundo, porque demostrará que hai alternativas ao capitalismo e será un excelente escaparate, visible e vivible, da alternativa que propón. Terceiro, porque o mercado social mellorará a viabilidade das empresas de economía solidaria, axudaraas a soportar mellor a presión que sofren por asimilarse ás empresas de capital e faraas tamén máis resilientes a crises económicas e ecolóxicas coma as que padecemos agora. Cuarto, porque axudará a crear «novas persoas», máis críticas, activas e transformadoras, xa que as impregnará dos valores da economía solidaria e as dotará de autonomía, de conciencia crítica e de capacidade de organización. E quinto, porque podería ser o embrión dun sistema económico poscapitalista, o núcleo desde o que despregalo nun período de revolución social.



Con todo, o movemento da economía solidaria non se pode cinxir só a crear mercados sociais. No sistema capitalista, os mercados sociais toparán con límites estruturais que lles han impedir ser hexemónicos, por máis que aínda teñamos moito campo para facelos medrar. E, ademais, porque non todo ten que pasar polo mercado, nin sequera por un mercado social.

Desmercantilizar

A economía solidaria debe despregar simultaneamente dúas estratexias. Unha é remercantilizar algúns sectores económicos, facer que unha parte dos produtos e servizos socialmente necesarios se merquen e vendan, pero no mercado social. A outra estratexia debe ser desmercantilizar outra parte da economía, cando menos os bens que sexan vitais e estratéxicos, para que deixen de ser mercadoría e os poidamos distribuír segundo as necesidades e non a cambio de diñeiro.

Este é un segundo obxectivo estratéxico da economía solidaria: desmercantilizar para comunalizar, para que todas poidamos dispor dos bens esenciais para a vida e xestionalos colectivamente. Estamos a falar, daquela, de preservar e xerar bens comúns, tanto materiais coma inmateriais: o software e o hardware libre, o coñecemento aberto, a xestión comunitaria de equipamentos e espazos públicos, ou de recursos naturais como a auga a través de cooperativas de consumidoras e usuarias.

Deste proceso de desmercantilización forma parte tamén a necesidade de impregnar o sector público cos valores da economía solidaria, un sector público que debe estar ben dotado e medrar, mais que á vez se debe «desestatalizar», no sentido de que empresas e servizos públicos deben pasar a ser xestionadas coa participación decisoria das traballadoras e usuarias, e garantir mecanismos de transparencia e rendición cidadá de contas.

Actor sociopolítico

REAS cumpre 25 anos. Podémoslle, podémonos, pedir máis porque xa somos máis, porque xa somos grandes. Debemos salvar as entidades do ámbito, aplicando medidas de solidariedade interna e apoio mutuo. Debemos blindar a política pública de apoio á economía social e solidaria. Debemos continuar construíndo mercado social, xerando bens comúns e impregnando a sociedade e as institucións dos valores da economía solidaria. Emporiso, tamén, neste período decisivo para a historia da humanidade que estamos a vivir, REAS e cada unha das redes que a forman confederalmente deben converterse en actores sociopolíticos relevantes, aliándose nos seus territorios cos outros movementos emancipadores (o feminismo, o ecoloxismo, o sindicalismo combativo...) e as administracións receptivas para levar a cabo un ambicioso plan de reformas socioeconómicas que nos permitan saír desta nova crise, escapando do sistema que a provoca.

Propostas de Políticas públicas en chave ESS fronte á pandemia



María Atienza e Sandra Salsón

A tripla pandemia (sanitaria, económica e de coidados) provocada pola COVID-19 quebrou o modelo actual poñendo de manifesto as deficiencias que existían na dotación de recursos públicos a servizos básicos como a sanidade, así como a fragilidade do sistema de coidados e a precarización de gran parte do tecido económico.

O novo contexto de reconstrución debería formularse desde unha óptica diferente para non volver á normalidade anterior caracterizada pola precarización das condicións de vida, a emerxencia climática, feminista e migratoria, e a fragilidade dos nosos metabolismos económicos, sociais e ambientais.

Desde a Economía Solidaria propomos saír desta tripla pandemia actual e iniciar unha transición a un novo modelo que reoriente as políticas sociais e económicas desde criterios de xustiza e equidade, no marco da promoción dun desenvolvemento social e ambientalmente sustentable e no que as institucións representativas, organizacións e movementos sociais e a propia cidadanía poidan incidir no rumbo político e económico a impulsar, a prol dun maior afondamento democrático.

As propostas que se desenvolven a continuación amósannos o camiño para este cambio de modelo a través de políticas de inclusión e cohesión social, para a sustentabilidade da vida e ao servizo das persoas.



EL DESPLIEGUE
de la economía social y solidaria

II CONGRESO de ESS

¡Es la hora de transformar la economía!

BILBAO 10, 11 y 12 NOV

POLÍTICAS DE INCLUSIÓN E COHESIÓN SOCIAL

Por unha sociedade cohesionada e inclusiva

Para potenciar unha economía que promova realmente o desenvolvemento social cómpre reforzar política, técnica e orzamentariamente aquelas áreas que consideramos prioritarias. En primeiro lugar, cómpre a aplicación dunha renda básica e dun bono social (electricidade, auga...) e a súa xestión desde calquera entidade comercializadora (non só as grandes empresas). Así mesmo, débese pór especial énfase no fomento do emprego inclusivo, a través de actividades de cualificación laboral para persoas en situación ou risco de exclusión social, incentivos para a súa contratación en programas públicos e en empresas privadas, e a promoción de empresas de inserción. Do mesmo xeito, convén impulsar novos modelos de xestión da vivenda, a través da reserva de solo público para cooperativas de vivenda colaborativa en réxime de cesión de uso, promoción do parque público de vivenda de alugueiro social, desenvolvemento de iniciativas de vivenda interxeracional etc.

POLÍTICAS PARA A SUSTENTABILIDADE DA VIDA

Por unha economía solidaria, feminista, ecolóxica e comunitaria

É preciso apostar de xeito decidido por políticas que poñan a sustentabilidade da vida no eixe de actuación. Unha forma de facelo sería pór en marcha plans de coresponsabilidade que comprometan con accións específicas a todos os axentes responsables do benestar comunitario e incorporen o traballo de coidados ao modelo económico como unha esfera fundamental para o desenvolvemento da vida das persoas.

Por outra banda, no actual contexto de crecente escaseza de recursos enerxéticos deste sistema petrodependente, así como perante as numerosas alertas polo cambio climático, vólvese urxente un cambio de modelo enerxético, favorecendo o transporte público e a mobilidade non contaminante, así como a xeración e comercialización pública de enerxías renovables a través da promoción de cooperativas de iniciativa social e as Comunidades de enerxía.



Isto debería complementarse cunha defensa da soberanía alimentaria e agroecolóxica a través de medidas para activar a produción agroecolóxica local e a implantación de cláusulas sociais e de reservas de mercado para fomentar unha alimentación saudable e sustentable (km 0) en todos os servizos públicos: escolas, residencias, aulas de 0-2 anos...

En moitos destes casos, a promoción en barrios e espazos locais de actividades que impulsan as economías comunitarias: hortas urbanas, mercados de troco, bancos del tempo... son enormes aliadas para o desenvolvemento e impulso destas medidas.

A ESS como peza chave:

- Apoio ás traballadoras do sector dos coidados de forma que poidan organizar a prestación de servizos a través de empresas da ESS.
- Impulso dunha estratexia de loita contra a pobreza enerxética.
- Desenvolvemento dunha política de residuos 0 e recoñecemento das empresas da economía social e solidaria como prestadoras de servizos de xestión de residuos.
- Axudas para manter e reforzar a produción agroecolóxica local, facilitando que toda a produción chegue a puntos de distribución.
- Promoción e medidas de apoio á creación e sostemento de supermercados cooperativos e grupos de consumo que funcionan con criterios de soberanía alimentaria e agroecoloxía.

POLÍTICAS PARA UNHA ECONOMÍA AO SERVIZO DAS PERSONAS

Para promover unha actividade económica que satisfaga de forma sustentable as necesidades de todas as persoas, a economía social e solidaria pon a disposición importantes ferramentas.

En primeiro lugar, deberíamos apostar por un Comercio Xusto, que impulse as iniciativas locais para o cumprimento da Estratexia Europea 2020 e da Axenda 2030 e a inclusión de cláusulas sociais na contratación pública que incorporen criterios de comercio xusto e atención ás condicións sociais nas cadeas de subministración. Neste sentido, deberían potenciarse as redes de intercambio de produción e consumo baseadas en lóxicas non-especulativas coma os mercados sociais, a través da elaboración e o desenvolvemento de plans específicos de promoción do consumo crítico consciente e transformador, e a recuperación de mercados tradicionais que inclúan produtos de proximidade, agroecolóxicos, artesanais...

No marco de fortalecemento dun tecido produtivo propio e capaz de atender as necesidades da poboación local que aumente a nosa autonomía, urxe apostar pola promoción do emprendemento cooperativo a través do apoio aos procesos de recuperación e transformación empresarial cara a figuras da economía social e solidaria, a cesión e/ou a facilitación de espazos físicos e de recursos, e o desenvolvemento de liñas para a consolidación de empresas de economía social e solidaria.

Para todo isto, resulta fundamental a promoción das finanzas éticas a través da incorporación dos instrumentos de finanzas éticas nas prácticas financeiras das administracións públicas, fortalecendo así ferramentas financeiras que están ao servizo do ben común, como veñen demostrando desde hai anos.

A ESS como peza chave:

- Impulso á creación de cooperativas de servizos públicos e cooperativas mixtas para a xestión de servizos de interese comunitario e de bens comúns.
- Incentivo de mecanismos para o fomento da capitalización de entidades da ESS e potenciación de fondos de garantía que sexan complementarios coas liñas de aval.
- Priorización do impulso aos circuitos curtos de comercialización, incluíndo as medidas de apoio ao comercio de proximidade e local e limitando a expansión de grandes superficies comerciais.
- Desenvolvemento do *Domestic Fair Trade* e unha regulación normativa sobre quen e en que condicións se poden producir os produtos, así como a introdución dunha regulación mínima do Comercio Xusto na Lei de Economía Social.





POLÍTICAS PARA O BEN COMÚN

O modelo imperante de desenvolvemento actual debe virar cara a unha concepción que estea ligada ao local, entendida como estratexia de intervención territorial para xerar capacidade local e aumentar as condicións e oportunidades para a cidadanía, e para que promova o desenvolvemento humano desde os principios de igualdade de oportunidades, sustentabilidade, participación e empoderamento e garantía de dereitos humanos.

Neste sentido, é esencial a salvagarda dos bens comúns, a través da súa identificación e protección (bens naturais, urbanos e dixitais), que deben ser xestionados de maneira pública, social e comunitaria, e a promoción da custodia e protección do territorio.

Outros aspectos chave neste eido son a innovación e o desenvolvemento local a través do fomento de estratexias de partenariado público-social e comunitario para a xestión de servizos de interese social, a promoción de espazos e ferramentas de participación cidadá no impulso das políticas públicas locais, así como medidas de fomento e discriminación positiva para empresas responsables, agroecolóxicas, sustentables e feministas.

A ESS como peza chave:

- Identificación dun plan estratéxico de economía local que inclúa obxectivos de desenvolvemento desde unha perspectiva social, ecolóxica e feminista.
- Promoción da economía social e solidaria como ferramenta de innovación social e fomento da resiliencia dos territorios fronte ás crises ecosociais.
- Realización de auditorías públicas e participativas da xestión económica das institucións, garantindo instrumentos de control e transparencia, así como a utilización de indicadores de auditoría social para a medición do desenvolvemento local e a adecuación das políticas públicas ao servizo do ben común.

POLÍTICAS DE EDUCACIÓN PARA O CAMBIO ECOSOCIAL

Desde a economía solidaria defendemos e apostamos por unha educación que fomente o intercambio de saberes, coñecementos e experiencias diversas. Para facelo, queremos impulsar campañas públicas para a sensibilización cidadá sobre a necesidade dun cambio de paradigma económico, político e social.

A ESS como peza chave:

Introdución de contidos relacionados coa economía solidaria nas distintas etapas do currículo educativo.

A ameaza da pandemia deu lugar ao que se coñece como período de excepción, durante o que as prioridades de gran parte do mundo parecen estar mudando.

A conciencia social dun grave problema amósanos que, con vontade política, é posible protexer as persoas, cambiar as políticas de xeito radical e pór no centro a saúde e a vida. Porén, por que isto ha de ser a excepción? Protexer a vida, todas as persoas e o noso planeta debe ser a prioridade na «nova normalidade».



Unha economía feminista para un mundo en transformación¹

Necesidade de articulación das economías transformadoras

Confluencia Feminista do FSMET

As economías transformadoras (a economía social e solidaria, as economías feministas, os comúns, a economía ecolóxica...) son aquelas propostas² que cuestionan o modelo económico e social dominante e propoñen un cambio de paradigma. **Están formuladas desde marcos teóricos así como desde experiencias prácticas que implican outra forma de organizar a actividade económica.**

A articulación destas economías entre si leva a un necesario proceso de confluencia para xerar intercambios e producir coñecementos compartidos de cara a facilitar este urxente e necesario paradigma. Falar desde o colectivo, por exemplo, é un requisito indispensable para incluír os diferentes enfoques e a diversidade de rexións e pobos implicados nisto; en definitiva, construír unha ecoloxía de saberes.³

Con estas premisas e fronte á actual pandemia, elaboráronse as seguintes reflexións desde a Confluencia Feminista, creada no marco do proceso do Foro Social Mundial de Economías Transformadoras. Neste texto participamos feministas de dous continentes e, cando menos, sete países en diálogo.

¹ Artigo elaborado colectivamente pola Confluencia Feminista, espazo no que REAS Rede de Redes participa de forma activa desde a súa creación.


² Suriñach, R. (2017): Economías Transformadoras de Barcelona. Marge Books.

³ Boaventura de Sousa Santos (2007).

Confluencia feminista fronte á COVID-19

Nas excepcionais condicións de confinamento con que se encara a pandemia da COVID-19, as nosas sociedades afrontan cada día os desafíos de coidar a vida en medio da emerxencia e a incerteza, sen perder de vista o futuro inmediato nun mundo que xa non é nin será o mesmo, que está en rápida transformación.

Confluencias Feministas antes las Economías Pandémicas



Na primeira liña de resposta, as mulleres mobilizamos traballos, saberes e propostas cunha lóxica do coidado –que o feminismo asume como eixe das alternativas–, pero afrontando vellas e novas desigualdades e inxustizas, en moitos casos exacerbadas pola situación. Que non pode haber vida nin economía sen coidados é a constatación do mundo neste período, como o é tamén o grao de desequilibrios do capitalismo neoliberal que nos conduciron a esta crise.

Non queremos volver á «normalidade» que nos explota

En medio de problemáticas e alternativas que se mesturan de modo intenso e contradictorio, refórzase a urxencia de ir cara a unha economía para a vida.

Así, na «vida de antes» denunciámos a matriz de sobretraballo das mulleres e de violencia machista que caracterizan este sistema e que hoxe se acen túan: **o confinamento nos fogares significou unha reconcentración neses espazos, decote precarios, de presenzas, actividades e tarefas tradicionais e novas.** Os coidados de sempre, agora deben combinarse co virtual traslado da escola á casa e co «teletraballo», entre outros. Este esquema, que se prolongará con algún matiz na seguinte etapa de «distanciamento social», lonxe dun avance cara a verdadeiros sistemas de coidados, supón un retroceso nas xa limitadas formas de organización dos coidados que combinaban recursos, tempos e espazos, é dicir, redes familiares e sociais, institucións prestadoras de servizos, establecementos educativos –que nuns casos incluían alimentación escolar–.

En paralelo, vólvese pór no centro da organización social e económica un modelo de familia nuclear, androcéntrico e heteropatriarcal, que inclúe unha recrudescencia da violencia de xénero, como demostra a multiplicación de denuncias en moitos países.

Así, ao tempo que se recoñece a importancia e a centralidade dos coidados para a vida e a economía, hai de momento un retroceso nas súas condicións. Cambiar este feito é unha prioridade que se conecta, ao mesmo tempo, cunha reactivación económica de novo tipo.

Nos servizos de saúde, desde sempre feminizados e en moitos casos precarizados polo axuste neoliberal e a mercantilización, as mulleres asumen a maior parte do traballo de atención a vítimas da COVID-19 en xornadas extenuantes, en condicións de mínima protección, expostas ao contaxio e, non poucas veces, á morte. **A prioridade da saúde pública universal, que garanta este dereito humano fundamental, vai da man con superar esas condicións desiguais das traballadoras da saúde, así como con redefinir o perfil privado e mercantil da industria farmacéutica, que deixa sentir o seu poder corporativo, alleo á vida, no medio da crise.**

Mentres as cadeas de supermercados e negocios corporativos de alimentos se lucran da situación abastecendo os sectores con capacidade de compra, desde as economías campesiñas, social, solidaria e comunitaria despregáronse esforzos para levar a toda a poboación alimentos básicos. **Sae a relucir a importancia estratéxica da produción local, da capacidade de resposta propia baseada en redes socioprodutivas, na solidariedade e a complementariedade, que agora supón formas de presenza distintas en medio das restricións da corentena.** É dicir, apreciase o potencial das experiencias impulsadas polas mulleres en vínculo coa atención ás necesidades básicas de reprodución e coidado da vida.





A pandemia ispe e acentúa desigualdades, ao tempo que se torna pretexto para unha escalada de formas de fascismo governamental e social. A vulnerabilidade económica implica un brusco deterioro ou suspensión de ingresos, altas posibilidades de contaxio e mínimas de atención nos casos das traballadoras precarizadas, das mulleres migrantes e refuxiadas, en situación de cárcere etc. O asomo de clasismo, racismo e xenofobia chegou ao extremo de culpar a estes sectores pola expansión do virus e de difundir, de modo directo ou velado, a idea de que hai vidas desbotables, non-viables. Aléntanse actitudes sociais de vixilancia, non de solidariedade.

A corentena marcou unha inflexión nas dinámicas de mobilización social contra o neoliberalismo que se viviron nos meses recentes. En medio das restricións de mobilidade, novas iniciativas van tomando forma en vínculo directo coa atención das necesidades máis urxentes de alimentación e saúde. As mulleres activaron formas alternativas de expresión, contacto e acción solidaria, non da escala de comedores populares ou similares doutros momentos de crise, pero que apoian, por exemplo, a compra de alimentos agroecolóxicos de agricultoras, xabón e máscaras de unidades de economía solidaria, e a súa distribución cara a sectores desprotegidos.

No limiar de vida ou morte que marcou a pandemia, os elementos para unha axenda transformadora están á vista e aumenta a conciencia sobre a necesidade dunha economía para a vida, non a expensas dela.

Malia que isto é evidente, vemos axendas inerciais, que insisten en trasladar recursos públicos e sociais para salvar «os mercados», as empresas, que reiteran fórmulas de endebedamento que oprimen aínda máis as economías nacionais e familiares xa endebedadas en exceso. Vemos tamén reaccións doutro perfil, que asumiron medidas de protección social, aumentando o acceso á saúde e aos cuidados, asegurando rendas básicas, transferencias monetarias ou licencias remuneradas para traballadoras/es, apoiando especialmente ao persoal da saúde e os cuidados etc., é dicir, medidas necesarias pero non suficientes dado o tamaño dos problemas previos.

Desde os ámbitos económicos e sociais comprometidos coa reprodución da vida, refórzase unha axenda de cambio de prioridades, de formas de organizar a produción, os intercambios, o consumo. Á parte do evidente fracaso do capitalismo que se expresa na pandemia, un acervo de experiencias dan sustento e ferramentas ás propostas transformadoras: nova arquitectura financeira, xustiza fiscal, comercio xusto, moedas alternativas, economía social e solidaria, agroecoloxía, soberanía alimentaria etc.

Fronte á prioridade de atender as necesidades básicas de vivenda, educación, ingresos básicos, sanidade, para todas/os, imponse un consenso social arredor do imperativo de gravar as grandes fortunas e ir cara a formas alternativas de reactivación económica, o que inclúe redefinir os traballos socialmente necesarios e aqueles traballos biocidas, que terán que se reconverter nun novo esquema de traballo e produción con claves ecofeministas.

Estamos resistindo colectivamente, non deixamos o espazo público, multiplicámonos noutros. Estamos a deseñar unha nova economía que imos tecendo con paciencia e que nos ha levar cara a unha mellor humanidade.

**UNHA ECONOMÍA PARA A VIDA,
NON A EXPENSAS DELA**

FIESTA VIRTUAL #REAS25AÑOS



Ven de festa
con REAS!

VIERNES 19 DE JUNIO A LAS 13H

<https://meet.jit.si/REAS25Aniversario>

El evento tendrá lugar como cierre de celebración de la
asamblea de REAS Red de Redes.

Y si no puedes estar, escúchalo en
www.youtube.com/reasredderedes

**"SI NO SE PUEDE BAILAR,
ESTA NO ES MI RED"**

¿CONOCES LOS ENTRESIJOS DE
REAS Y LA ESS?

**JUEGA EL TRIVIAL
DE LA ECONOMÍA SOLIDARIA**

entra y enrédate con la ESS:

[Clic aquí](#)



25 reas
1995 - 2020

Xoga coa Economía Solidaria e
demostra o que sabes da Rede e
o movemento.

Convidámoste a que entres na
ligazón e te enredes con REAS
no Trivial da ESS, xogo que
iremos ampliando durante todo
este ano do aniversario.

Consulta as bases e premios.

Participa e ENRÉDATE!

